



# NON ÁS REVÁLIDAS

- A Xunta ven de publicar a norma que regula a avaliación individual (“reválida”) en 3º de primaria.
- Hai comunidades autónomas que non van desenvolver esta proba tan contestada socialmente. Na Galiza si, porque ninguén gaña ao PP galego en obediencia cega aos ditados de Madrid.
- A proba vaise desenvolver os días 27 e 28 de maio. Consistirá nunha avaliación de matemáticas e das linguas galega e castelá. Deixa en segundo plano o resto de materias.
- É unha aberración someter a nenas e nenos de 8 anos a unha presión innecesaria, sen considerar o ensino como un proceso no que hai que avaliar e considerar as circunstancias persoais, socioeconómicas, capacidades e actitudes do alumnado.
- O resultado vai ser a elaboración dun ranking de centros, dunha clasificación do alumnado e a introdución da competición e das carreiras de obstáculos como fundamento do sistema educativo. En definitiva, unha intención clasista, segregadora e antipedagóxica, que vai excluindo os sectores máis desfavorecidos.
- Por todo isto, desde o **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (como organización que fai parte da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público), animamos ás nais e pais a se **negaren a que os seus fillos e fillas teñan que pasar estas probas**, non levando os teus fillos ou fillas de 3º de primaria aos centros o día da proba (27 ou 28 de maio).

**#dependedenós**

